

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

ACTA Nº 2022/8 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - CASA DO CONCELLO, LUNS 31 DE OUTUBRO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

Presidente: Benigno Galego Castro

Asisten: Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Patricia Santalla Pérez, Alberto Javier Rey Paz e María María Amalia Díaz Rodríguez. e David Prada Aneiros. O concelleiro Cristian Carrodegua Graña incorpórase no punto segundo.


Secretaría – Intervención: Paula Diaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión do Pleno de Cerdido reunido o día 30 de setembro de 2022. Os membros do pleno asistentes, aprobaron por maioría dos presentes a acta anterior .7 votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Patricia Santalla Pérez, Alberto Javier Rey Paz María María Amalia Díaz Rodríguez e unha abstención do concelleiros David Prada Aneiros.

2.- Incorporación as bases de execución do presuposto municipal prorrogado do ano 2022 as subvencións nominativas do ano 2022. Leída a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Entendendo que a situación actual do presuposto municipal é de presuposto prorrogado do ano 2021 ao 2022, e dado o disposto no artigo 21 do Decreto 500/1990 así como o disposto na circular 1/2019 do IGAE, no que se establece que as subvencións nominativas non se prorrogan ao presuposto seguinte xa que supoñen unha asignación concreta e determinada do crédito a unha finalidade específica, procede ao abeiro da seguintes normativa e lexislación aplicable: Real Decreto 500/1990 de 21 de abril por el que se desenvolve o l Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas locais, en materia de presupostos, Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, por el que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. (RGLS), Circular 1/2019 da Intervención xeral da Administración do Estado sobre os efectos da prórroga dos Presupostos xerais do Estado o aprobados para un exercicio en relación aos créditos



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008


integrados nesta última relativos as subvencións nominativas, ditada por la IGAE el 27 de marzo de 2019, esta Alcaldía propón ao ao Pleno a adopción do seguintes acordo :

Primeiro: Aprobar a e modificación das Bases de Execución do Presupuesto prorrogado para a asignación nominativa das subvenciones no punto 5 do artigo 25 das bases de execución do presuposto que se recolle deseguido:

5º. - Terán carácter de subvención nominativas as que se relacionan deseguido, o seu carácter nominativo ven determinado pola imposibilidade de promover a concorrencia de beneficiados dada a existencia no termino municipal dunha única entidade ou persoa que promova os fin que o concello pretende fomentar coa concesión destas subvencións, tales como a promoción das festas de cada parroquia e a festa da Malla, a promoción cultural no colexio e no IES, fomento e ensinanza do fútbol e a práctica do dominó, o fomento do baile e música tradicional ou o canto coral, así como a promoción da muller nos ámbitos social, laboral e cultural e o apoio a labor de prevención dos incendios forestais no termo municipal e o apoio a caza.

Nome persoa/entidade beneficiada	Actividade a fomentar	Importe anual
Asociación CEBARCA	Fomento das actividades deportivas	1.800,00 €
Colexio público de A Barqueira	Fomento actividades extra escolares e excursión fin de curso	800,00 €
APA Os Carrís do CEIP A Barqueira	Fomento actividades no entorno escolar	1800,00 €
I.E.S. Punta Candieira de Cedeira	Fomento actividades culturais, educativas e de ocio	200,00 €
Comisión de festas de Cerdido,	Fomento das festas parroquiais	600,00 €
Comision de festas da Barqueira	Fomento das festas parroquiais	600,00 €
Comision de festas dos Casás	Fomento das festas parroquiais	600,00 €
Asociación PROMACER	Fomento da labor do control e prevención de incendios	700,00 €
Asociación Airiños dos Carrís	Fomento do baile e música tradicional	700,00 €
Asociación Reparacións Maquinaria Antiga de Os Casas	Fomento da Festa da Malla e restauracións	600,00 €
Asociación de Mulleres Rurais Albar Quercus	Promoción da muller rural nos ámbitos laboral, social e cultural	850,00 €
Asociación Recreativa Deportiva DOMINÓ CVM.	Fomento das actividades deportivas	300,00 €

As seguintes subvencións quedaran condicionadas á entrada en vigor da aprobación do suplemento de crédito 2/2022.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008


341	48000	Deportes. Subvencións a familias e institucións sen fins de lucro.	4.200,00 €	Subvencións nominativa para actividades deportivas: Incremento de 200,00€ a UD Cebarca e nova dotación a favor do beneficiario Escola de Fútbol Irmandiños (importe 2.500,00€) e do beneficiario Sociedade de caza Eixil (1.500,00€)
-----	-------	---	------------	---

Segundo: Que se expoña ao público polo prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior.**

O alcalde explica que é preciso aprobar as subvencións nominativas que aparecen nas bases de execución do presuposto .

O concelleiro Alberto Rey Paz pregunta se son as mesmas que o ano anterior e o alcalde explica que o primeiro cadro si e que o segundo corresponde a unha modificación xa aprobada en pleno .

3. Modificación de crédito modalidade crédito extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do exercicio do 2021. SC 03 2022. Leída a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Os incrementos nos custos da electricidade e dos carburantes derivados da situación xerada pola crise enerxética están tendo importantes consecuencias na execución do gasto deste concello. Así, tomando como exemplo a aplicación na que se rexistran os gastos de consumo de electricidade en alumeadado público, temos que en todo o ano 2021 se gastou aproximadamente 70.000,00€ e actualmente, a falta da facturación correspondente ao último trimestre do ano que resulta ser sempre o máis elevado, o importe xa rexistrado ascende a 105.000,00€. Esta situación está afectando a todas as partidas que se atopan en bolsa de vinculación coas que rexistran os gastos de consumo de electricidade e carburantes, especialmente as bolsas de vinculación (1/2) e (9/2), o que fai preciso tramitar unha modificación no orzamento que permita atender estes gastos. Ademais, considérase necesario que se incrementen partidas destinadas a custos de persoal como consecuencia da repercusión no orzamento da execución de sentencias xudiciais e os incrementos aprobados polo goberno para os funcionarios. Por último, é preciso que se incrementen as partidas que recollen os gastos destinados á prestación do servizo de axuda no fogar; servizo que non pode suspenderse polas prestacións que lle son propias (a atención a dependentes). A execución do orzamento ata este momento pon de manifesto a necesidade de incremento destas partidas para poder garantir o pagamento



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

das obrigas ata final de ano; sen que sexa posible demorar ata o exercicio seguinte, por tanto, este gasto.

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2021, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 60/2022, do 31 de marzo de 2022, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de **509.067,11 euros**.

Visto que no pleno de 29 de abril de 2022 aprobouse inicialmente o expediente de modificación orzamentaria na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de créditos 01/2022, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais procedentes da liquidación do orzamento 2021 por importe total de 401.509,44 €.

Visto que no pleno de 30 de xuño de 2022 aprobouse inicialmente o expediente de modificación orzamentaria na modalidade de crédito extraordinario 02/2022, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais procedentes da liquidación do orzamento 2021 por importe total de 18.500,00 €.


Visto que no pleno de 31 de agosto de 2022 aprobouse inicialmente expediente de modificación orzamentaria na modalidade de suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais procedentes da liquidación do orzamento 2021 por importe total de 9.700,00 €.

Partindo das seguinte premisas aplicables a este Concello: suspensión das regras fiscais, inexistencia de débeda comercial e financeira a 31 de decembro, situación de déficit orzamentario en termos de contabilidade nacional.

Considerando que a normativa de aplicación a ter en conta en canto ao destino dos gastos a financiar co remanente de tesourería para gastos xerais contense nas normas previstas nos artigos 172 a 182 do TRLRFL e a súa normativa de desenvolvemento nos arts. 34 a 51 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

Visto que os gastos propostos para os cales se propón a modificación, sendo que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para os que o crédito previsto é insuficiente (suplemento de crédito) son os que se sinalan deseguido:

Partida		Denominación	Importe (En €)	Tipo	Descrición
920	22400	Administración xeral. Seguros.	1943,00	SC	Seguro de responsabilidade civil
920	22706	Administración xeral. Estudos e traballos técnicos	2.000,00	SC	Servizos informáticos




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

1522	22100	Conservación e rehabilitación da edificación	100,00	SC	Consumo electricidade vivendas
1531	22706	Vías públicas. Acceso a núcleos de poboación. Estudos e traballos técnicos	5.000,00	SC	Elaboración de proxectos e direccións de obra (POS 2023, Agader e outros)
1531	21400	Vías públicas. Acceso a núcleos de poboación. Elementos de transporte	5.000,00	SC	Reparación de vehículos
1531	22100	Vías públicas. Acceso a núcleos de poboación. Consumo de electricidade	500,00	SC	Consumo electricidade nave.
161	22799	Abastecemento de auga. Outros traballos realizados por outras empresas ou profesionais.	3.000,00	SC	Labores de mantemento do abastecemento de auga
1621	22103	Recollida de residuos. Carburantes	2.000,00	SC	Carburantes servizo recollida de lixo
1720	22103	Protección e mellora do medio ambiente. Carburantes	500,00	SC	Carburante tractor/desbrozadora
330	16000	Administración de cultura. Seguridade social	6.000,00	SC	Seguridade social a cargo do empregador.
231	13100	Servizos sociais. Persoal laboral temporal	40.000,00	SC	Custos de persoal para a prestación do servizo axuda no fogar.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008


231	23120	Servizos sociais. Indemnizacións por razón do servizo	3.000,00	SC	Axudas de custos por desprazamento de persoal de servizos sociais.
231	48000	Servizos sociais. Axudas e subvencións a familias e entidades sin ánimo de lucro	1.500,00	SC	Custos de axudas de emerxencia social
TOTAL			70.543,00€		

Visto que o presente expediente de suplemento de crédito finánciase mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Orzamento de 2021 por importe total de 70.543,00 €. Visto o informe de Intervención. Sobre a base de todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto nas Bases de Execución do Orzamento, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria, segundo o seguinte detalle:

Modificacións no estado de gastos

Partida	Denominación	Importe (En €)	Tipo	Descrición
920	22400	Administración xeral. Seguros.	SC	Seguro de responsabilidade civil
920	22706	Administración xeral. Estudos e traballos técnicos	SC	Servizos informáticos
1522	22100	Conservación e rehabilitación da edificación	SC	Consumo electricidade vivendas
1531	22706	Vías públicas. Acceso a núcleos de poboación. Estudos e traballos técnicos	SC	Elaboración de proxectos e direccións de obra (POS 2023, Agader e outros)




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

1531	21400	Vías públicas. Acceso a núcleos de poboación. Elementos de transporte	5.000,00	SC	Reparación de vehículos
1531	22100	Vías públicas. Acceso a núcleos de poboación. Consumo de electricidade	500,00	SC	Consumo electricidade nave.
161	22799	Abastecemento de auga. Outros traballos realizados por outras empresas ou profesionais.	3.000,00	SC	Labores de mantemento do abastecemento de auga
1621	22103	Recollida de residuos. Carburantes	2.000,00	SC	Carburantes servizo recollida de lixo
1720	22103	Protección e mellora do medio ambiente. Carburantes	500,00	SC	Carburante tractor/desbrozadora
330	16000	Administración de cultura. Seguridade social	6.000,00	SC	Seguridade social a cargo do empregador.
231	13100	Servizos sociais. Persoal laboral temporal	40.000,00	SC	Custos de persoal para a prestación do servizo axuda no fogar.
231	23120	Servizos sociais. Indemnizacións por razón do servizo	3.000,00	SC	Axudas de custos por desprazamento de persoal de servizos sociais.
231	48000	Servizos sociais. Axudas e subvencións a familias e entidades sin ánimo de lucro	1.500,00	SC	Custos de axudas de emerxencia social
TOTAL			70.543,00€		



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

Modificacións no estado de ingresos

Concepto	Denominación	Importe (en €)
870,00	Remanente para financiaron de gastos xerais	70.543,00
Total		70543,00

Segundo. Que se expoña ao público polo prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Terceiro. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada a modificación, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior.**


O alcalde explica que o motivo desta modificación é o aumento dos prezos do combustible e da electricidade conlevan que as partidas presupostarias estean esgotadas, por exemplo se levan gastado 105.000,00€ en electricidade e quedan os meses de maior consumo, cando en todo o ano pasado houbo un gasto total de 70.000,00 €, por exemplo na Estación de bombeo se pagaban facturas de 1500,00 € e en agosto pagouse unha factura de 5.300,00 €

O concelleiro Alberto Rey Paz, pregunta a Alcaldía onde están os 30.000,00 € de diferenza nos gastos de electricidade, o alcalde explica que se tira da bolsa de vinculación e que hai dous expedientes de modificacións de créditos é que cree que estes 30.000,00 aparecen reflectidos no seguinte expediente de modificación pero que explica os dous xuntos, neste segundo expediente danse de baixa partidas que non se pensan executar para financiar estes gastos, é preciso incrementar partidas que non teñen crédito porque vinculan coa electricidade -

4.- Modificación presupuestaria 2022/T00270000023 financiado por baixas por anulación de partidas. Acordo de baixa por anulacións de créditos. Acordo de modificacións de créditos financiado por baixas por anulación. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:

Atendendo a memoria da Alcaldía no que se establece que a anulación ou baixa de créditos presupostarias non afectaran o desenvolvemento dos servizos aos que están adscritos e dada a necesidade de obter financiamento para a aprobación dun expediente de modificación de crédito par a atender necesidades e gastos non previstos no presuposto municipal. Atendendo o informe favorable de intervención de data 26.10.2022. E considerando aplicable o disposto nos artigos 35, 37, 49,50 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais,(RD 500/1990).Esta Alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte acordo :

Primeiro: Aprobar a baixas por anulación das seguintes aplicacións presupostarias do



Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

orçamento económico 2022 que se resume no cadro seguinte, xustificando na previsión de non execución destes gastos neste ano e que en ningún caso afectaran o desenvolvemento dos servizos. Baixas por anulación :

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Créditos definitivos	Baixas ou anulacións	Créditos finais dispoñibles
Progr.	Económica					
920	227,06	Redacción de proxectos para edificios. Subvención fondos europeos.	0,00 €	30.000,00	30.000,00 €	0,00 €
920	622,00	Adquisición e acondicionamento de edificio para dependencias municipais.	0,00 €	60.000,00	60.000,00 €	0,00 €
920	600,00	Administración xeral. Investimentos en terreos	0,00 €	20.000,00	20.000,00 €	0,00 €
1531	61900	Vías públicas. Reposición infraestruturas	0,00 €	387.989,10 €	30.000,00 €	443,68 €
Total					140.000,00 €	

Segundo :Aprobar inicialmente o expediente de modificación presupuestaria por suplemento de crédito dado que existen gastos que non poden demorarse ata o exercicio económico seguinte polo que financiado polas baixas de aplicacións presupostarias aprobadas no punto primeiro deste acordo e segundo o cadro seguinte :As aplicacións que deben crearse non Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes: Altas en Aplicacións de Gastos que serán financiados coa baixas das aplicacións presupuestarias que figuran no cadro seguinte:




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

Aplicación		Importe	Tipo	Descrición	Baixa da partida
Progr.	Económica				
151	22706	5.000,00 €	sc	Redacción proxectos	1531.619,00
161	22100	30.000,00 €	sc	Subministro electricidade. Estación Bombeo	920.227,06
161	22706	3.000,00 €	sc	Mantenimento auga	1531.619.00
165	22100	60.000,00 €	sc	Subministro alumeadado	920.622.00
165	21300	8.000,00 €	sc	Mantemento alumeadado	1531,619,00
920	22100	5.000,00 €	sc	Subministro eléctrico	1531.619.00
920	22103	3.000,00 €	sc	Gasóleo calefacción	1531.619.00
231	22799	6.000,00 €	sc	Gastos empresa SAD	1531.619,00
1623	22799	8000,00€	sc	Gastos tratamento residuos	920.600.00
1621	21400	2.000,00 €	sc	Reparación s vehículo lixo	920.600.00
920	12000	10.000,00 €	sc	Retribucións	920.600.00
Total		140.000,00 €			

Terceiro : Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. Cuarto : Proceder a publicación no Boletín Oficial da Provincia da aprobación do Orzamento definitivo, resumido por capítulos. A modificación orzamentaria entrará en vigor no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no apartado anterior.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

Os membros do pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior .

O alcalde explica que se eliminan partidas ao 100% e outras redúcense , por exemplo baixase en 30.000,00 reparacións en vías pero existe un saldo de 443.000,00 que esta dispoñible pero reservado con retencións de crédito .


A concelleira Amalia Diaz Rodriguez pregunta polos gastos do proxecto do edificio , a Alcaldía explica que se trata dunha partida para a redacción do proxecto de remodelación da casa da cultura pero para solicitar a subvención púidose presentar unicamente unha memoria , no caso que a subvención sexa aprobada , será preciso realizar o proxecto pero ata o ano que ven non se sabe, ren relación a partida dos terreos correspondían a unha posible compra de parcelas na Feira , no lugar de O Porto e os 60.000,00 a compra e rehabilitación de edificios

5.-Valoración sobre a conveniencia da autorización da licencia de estudos solicitada pola secretaria-interventora deste concello. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:Vista a solicitude de D^a. Paula Diaz Tie, secretaria -interventora do Concello de Cerdido ao abeiro do disposto no artigo 129 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dunha licencia para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa administración publica dende o día 2 de novembro de 2022 ata o día 31 de marzo de 2023, Coas seguintes características:Curso académico 2022/2023 na titulación de Programa de Doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sostible. Goberno Aberto nos concellos como instrumento para poder alcanzar o ODS 16 da axenda 2030. Gobernanza e Innovación nos pequenos concellos. Programa de doutoramento en “Creatividade e innovación social e sustentabilidade” do campus de especialización de Pontevedra, Campus CREA S2i, da Universidade de Vigo.Esta alcaldía solicita ó Pleno do Concello a súa valoración sobre a conveniencia da autorización da referida licenza. **Os membros do pleno por unanimidade aprobaron a conveniencia da licencia de estudos .**

O alcalde explica que se trouxo esta proposta ao pleno para saber a opinión do pleno ante a solicitude de licencia de estudos , dado que conleva uns gastos , que corresponden as retribucións básicas por un importe 1238,00 e 402,00 en concepto de trienios quedando pendente de saber a subida salarial do ano 2023 e se corresponden as pagas extraordinarias e quería saber a opinión do pleno, a intención e cubrir o posto pola bolsa de interinos ou por acumulación .

O concelleiro Alberto Rey Paz , pregunta se se precisa dedicación completa e o alcalde explica que se desvincula completamente do concello o concelleiro explica que canta mais formación mellor tanto para a secretaria coma un peón e que entende que todos os traballadores teñen dereito a formación .

O concelleiro Candido Prieto Lago explica que están de acordo coa formación




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

6.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía. Os membros do Pleno tomaron coñecemento da relación de Decretos que se recolle no cadro seguinte :

Núm.	Data	Asunto
193/2022	26-08-2022	Xestión de Sesións Plenarias. Pleno ordinario agosto 2022
194/2022	29-08-2022	Solicitude Servicio Axuda no Fogar de M ^a Isabel Suárez Rico.
195/2022	30-08-2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Casaldaia de Abaixo, 8
196/2022	30-08-2022	Solicitude Servicio Axuda no Fogar de Marconi Roberto Suárez García
197/2022	30-08-2022	Contrato menor para o pintado de pasillos e radiadores no CEIP da Barqueira
198/2022	31-08-2022	Aprobación de nóminas e quilometraxe do mes de agosto e seguridade social de xullo de 2022
199/2022	02-09-2022	Ampliación contrato Leticia Sixto Lopez para cubrir vacacións de Natalia Mera Carrodegas, Bolsa SAF
200/2022	08-09-2022	Autorización de depósito de fianza polo alugueiro da vivenda municipal en Felgosas, 1º, A Barqueira
201/2022	12-09-2022	Aprobación de facturas agosto 2022
202/2022	13-09-2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Piñón, 14, Cerdido
203/2022	13-09-2022	Pleno extraordinario setembro 2022
204/2022	13-09-2022	Decreto de aprobación das liñas fundamentais do presuposto do ano 2023
205/2022	21-09-2022	Contrato menor para a reparación da desbrozadora
206/2022	21-09-2022	Contrato menor para a reparación do vehículo Valmet C114727VE
207/2022	21-09-2022	Solicitude de recoñecemento dun trienio a Sonia Pérez Teijeiro
208/2022	21-09-2022	Expediente solicitude devolución de parte da nómina de agosto a Silvia Santalla Pérez por pago directo da Seguridade Social
209/2022	21-09-2022	Solicitude da Escola de fútbol Irmandiños para usar o campo de fútbol municipal durante a tempada 2022/2023
210/2022	21-09-2022	Reserva de instalacións casa da cultura curso de bordado
211/2022	21-09-2022	Contratación Leticia Sixto López para cubrir baixa laboral de M ^a José Santalla Villar
212/2022	21-09-2022	Solicitude da ANPA Os Carrís para usar unha sala da Area Recreativa O Castro para actividade infantil
213/2022	21-09-2022	Reserva de instalacións da Escola de Avispeira os luns e mércores de 20:00 a 22:00 para curso de Pilates




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

214/2022	21-09-2022	Solicitude da ANPA Os Carrís para usar o polideportivo os martes e xoves do curso 2022/2023 de 15:00 a 16:30 horas
215/2022	21-09-2022	Devolución Ingresos Indevidos. Subvención (FOPPSS/2021) Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2021. Módulo I e modulo IV Persoal administrativo e auxiliar do SAF libre concorrencia Referencia: 2021000004518
216/2022	21-09-2022	Aprobación de pagos convenio de Valdoviño e liquidación débeda Seguridade Social febreiro 2022
217/2022	21-09-2022	Reserva de instalacións da Area Recreativa O Castro para unha xuntanza de confraternización
218/2022	21-09-2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Felgosas, 47, A Barqueira
219/2022	21-09-2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Penso, 3, Cerdido
220/2022	16-09-2022	Solicitude de Pirotecnia Rocha-Areas SL., festas setembro
221/2022	13-09-2022	Relación de recibos correspondentes ó mes de agosto do 2022ezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
222/2022	22-09-2022	Contratación Show A Granxa da Rede Cultural da Deputación da Coruña 2022
223/2022	22-09-2022	Incidencia Promoción interna Oficial de servizos
224/2022	22-09-2022	Incidencia Promoción Interna Administrativo
225/2022	23-09-2022	Convocatoria Pleno extraordinario 30 de setembro de 2022
226/2022	23-09-2022	Mellora do firme da pita Campo da Igrexa a Calmourel e outro (POS Adicional 2/2021)
227/2022	23-09-2022	Camiño de Penso a Cubos e outros (POS Adicional 2/2021)
228/2022	23-09-2022	Declarar deserta a licitación e abrir novo procedemento Obras de reforma na escola do Castro (POS Adicional 2/2021)
229/2022	26-09-2022	Listado definitivo, Tribunal e data do 1º exercicio Promoción interna Oficial de servizos
230/2022	26-09-2022	Alta no padrón municipal de habitantes en Regueirolongo, 15
231/2022	26-09-2022	Listado definitivo, Tribunal e data do 1º exercicio Promoción Interna Administrativo
232/2022	27-09-2022	Aprobación de facturas setembro 2022
233/2022	28-09-2022	Aprobación de nóminas e quilometraxe de setembro e seguridade social de agosto de 2022
234/2022	28-09-2022	Solicitude a nome de Colexio Publico De EGB de la Barquera en Cerdido X G. uso do local da Casa da Cultura para os días 22 (para montar o escenario) e 23 de decembro (para levar a cabo a actuación).
235/2022	30-09-2022	Cambio de composición do tribunal Promoción interna Oficial de servizos
236/2022	03-10-2022	Bolsa Administrativo Listado definitivo, Tribunal e data do 1º exercicio



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008


237/2022	03-10-2022	Bolsa Auxiliar Administrativo Listado definitivo, Tribunal e data 1º exercicio
238/2022	04-10-2022	Bolsa Auxiliar Administrativo Listado definitivo, Tribunal e data 1º exercicio
239/2022	04-10-2022	POS+Adicional 2/2022 financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles non división en lotes
240/2022	04-10-2022	Emprazamento TACGal: SETGA Procedemento ordinario núm. PO7260/2022
241/2022	05-10-2022	Augas de Galicia solicitude de subvención para auditorías municipais das redes de saneamento procedemento AU301D
242/2022	05-10-2022	Nomeamento de membro colaborar en procesos selectivos ao abeiro do artigo 3.1 d) Lei 40/2015
243/2022	10-10-2022	Nomeamento colaboradora procedemento bolsa administrativo
244/2022	14-10-2022	Aprobación pago atrasos segundo sentenza do Xulgado do Social Número 1 de Ferrol de sete de abril de 2022da no procedemento ordinario 0000357 /2021
245/2022	14-10-2022	Aprobación do IVE e IRPF para presentación de modelos trimestrais 303 (IVE) e 111 (IRPF)
246/2022	14-10-2022	Solicitude Servicio Axuda no Fogar prestación por libre concorrencia de M. R. S.
247/2022	14-10-2022	Relación de recibos correspondentes ó mes de setembro do 2022 prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
248/2022	14-10-2022	Promoción interna administrativo e oficial de servizos
249/2022	14-10-2022	Contrato actuación Mago Roman da Rede Cultural 2022
250/2022	17-10-2022	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar. Publicación das bases no BOP 27/03/2018
251/2022	18-10-2022	Licencia de edificación Campamento turístico “Haras de Bordo”
252/2022	19-10-2022	Contrato menor para a adquisición de guantes e mascararas para persoal do SAF
253/2022	20-10-2022	Convocatoria Subvenciones Nominativas
254/2022	20-10-2022	Aprobación de pagos asistencias tribunal selección oficial promoción interna
255/2022	20-10-2022	Aprobación de pagos asistencias tribunal selección administrativo promoción interna

O concelleiro Alberto Rey Paz solicita información sobre os seguintes decretos :

Núm. 197/2022 . preguntando sobre a cuantía e que empresa realizou o pintado . O alcalde responde que foi a empresa os Camachos por un importe de algo mais de 5000,00 €

Contrato da reparación da desbrozadora , onde se reparou e que lle pasaba . O alcalde explica que tivo que repararse o tractos cambiarse o embrague e reparar os freos e a desbrozadora soldada , e realizouse no Taller O Cruce .

Núm.242 e 243 sobre as incidencias no proceso de promoción interna e nomeamento de persoal colaboración . O alcalde explica que non sabe de que se trata das incidencias e consultarano, e en relación ao



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

persoal colaborador do tribunal tratase dun funcionario do concello de Valdoviño , que xa colabora co concello dentro do convenio asinado , para axudar na redacción das actas.

Núm. 251 se trata dunha licencia de edificación . O alcalde explica que se trata dun campamento turístico nos Casas pero se trata de pequenas edificacións unha especie de cámping.

Propostas fora da orde do día. Mocións de urxencia.

O alcalde explica que a urxencia ven motivada a que debe estar aprobada antes de decembro e non parecía idóneo facer un pleno so para estes asunto .

O concelleiro Alberto Rey Paz explica que esta proposta est publicada no BOP do 4 de xuño e non entende porque non se trouxo ao pleno antes .

O alcalde explica que non se deu conta antes e que todos os concellos están a facelo agora e non se incluíu na orde do dia porque o informe de secretaria , non se fixo antes do venres .

Os membros do pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a inclusión deste asunto na orde do dia . 7 votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Patricia Santalla Pérez, David Prada Aneiros e Cristian Carrodegas Graña e 2 abstencións dos concelleiros Alberto Javier Rey Paz e María Amalia Díaz Rodríguez.


1.- Proposta da Alcaldía para a aprobación do Plan xeral de prevención de riscos e medidas Anti-fraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR).Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:

Visto o Plan xeral de prevención de riscos e medidas Anti-fraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR) e delegación das funcións de análise de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local esta alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- adherirse ao Plan xeral de prevención de riscos e medidas antifraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.SEGUNDO.- Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

“Bases para a delegación das funcións de análise de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local”

PRIMEIRA.- Contido da delegación.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008


1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.
2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.
3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.
4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.
5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedementos de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firme de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión Europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.
2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.
3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.
4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello deléxante para que proceda ao seu informe e aprobación,
5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR.

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicarase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade co disposto no apartado 2.3 do PRAMEDECOR.
2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.

Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade, e polo tanto por maioría absoluta do número legal de membros , aprobaron a proposta anterior

O alcalde explica que se trata dunha exigencia da Union Europea para xestionar fondos europeos e que a Deputación realizou estas bases para que os concellos pequenos poidan adherirse dado que non teñen capacidade para realizalo sós.

O concelleiro Alberto Rey Paz , entende que se trata dun órgano de vixilancia e control dos fondos europeos.

Rogos e preguntas :

O concelleiro Alberto Rey Paz, fai os seguintes rogos e preguntas :

1.- O acceso a Cruz encarnada quedou moi mal e case non caben dous coches . O alcalde afirma que si que quedou mal e que intentouse co Director de obra que cambiara de opinión pero non hai forma , é preciso que quiten os quitamedos e que boten formigón nas cunetas

2.- Solicita información sobre a reunión cos propietarios para mellorar os accesos as fincas , en relación as obras das estrada . O alcalde explica que a reunión realizouse coa dirección de obra que aportou solucións, que os propietarios asistentes aceptaron .


A concelleira Amalia Diaz Rodriguez fai os seguintes rogos e preguntas

1.-Traslada á Alcaldía as queixas dos veciños de Diaz , polos 300 metros que faltan por amañar da pista a Freis . O alcalde afirma que por el estaría feita a obra , que xa está adxudicada , so falta asinar o contrato.

2.- A pista entre as casas do lugar de Diaz , esta moi deteriorada e precisa de reparacións . O alcalde afirma que nesa pista meteuse a auga recentemente e que agora se atopa deteriorada .

3.-Hai un castaño que esta na estrada vella de Diaz a Freis , xunto a maquesina que esta moi perigoso , porque ten a raiz o aire e pode caer e verse afectado o tendido eléctrico . A Concalleira Rocío Martínez Martínez, confirma que esta xunto a marquesina e xa ten a raiz no aire

Ás 20:50 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, como secretaria, dou fe.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2022/G010/000008

Asinado dixitalmente .A secretaria, Paula Díaz Tie . O alcalde, Benigno Galego Castro